

SESIÓN EXTRAORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

PERMANENTES DO DÍA 19 DE XANEIRO DE 2009

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dezanove horas e trinta minutos do día dezanove de xaneiro de 2009, reúnense simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva das actas da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007 e da sesión ordinaria de 26 de xullo de 2007.

A) Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.

Asistentes:

- Presidente: Don José Venancio Salcines Cristal, do PSdeG-PSOE, por imposibilidade de asistencia de don Francisco Javier Varela Tejedor, e por delegación do Sr. alcalde.
- Don Felipe Andreu Barallobre, do PP.
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona Mª Irache Enríquez Albaina, interventora.

B) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE.
- Don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP, por imposibilidade de asistencia de don Nicolás José Cubeiro Martínez.
- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

C) Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE.
- Dona Goretti Pérez Eléxpuru, do PP.
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG.
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Asiste, como secretaria, dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria da corporación.

A continuación, examináronse o único asunto incluído na orde do día da convocatoria correspondente á Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica, Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos, e Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá:

1º Proposta de aprobación, se procede, dos investimentos a incluír no Fondo Estatal de Investimento Local creado por Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro

Expón o asunto don José Venancio Salcines Cristal, e indica que o grupo de goberno intentou dialogar cos demais grupos, aínda que reconece que o diálogo puido ser máis amplo. Froito dese diálogo concluíuse que o Plan debía ter unha parte de infraestruturas básicas, e aí tiveron en conta aos técnicos municipais, e por outra parte, un reparto por parroquias segundo as demandas históricas de cada unha. Non se podía satisfacer todas as demandas, pero intentouse. En todas se fan investimentos, agás na parroquia de Cela por non haber solo público, e na parroquia do Temple non se fan actuacións tan importantes porque está o Proxecto Arume.

Segue dicindo que froito deste Plan é a relación que se facilitou aos Sres. concelleiros, que é unha distribución por parroquias.

O gasto maior é para o bloque de saneamento e substitución da tubaxe de auga. Destínase preto dun millón de euros. Para saneamento 250.000 €e para iluminación outros 250.000 € Todos os partidos fixeron fincapé en que houbera gastos nestes ámbitos.

Fóra disto, faise outro gasto forte nos polideportivos. Vaise gastar unha parte en reparacións e cubricións, sobre uns 700.000 €

Outra parte importante, con demanda de todos os partidos políticos, é o tema dos parques infantís, cun importe superior a 250.000 €

Conclúe dicindo que houbo un investimento que se substituiu, que é a reforma do local da asociación de veciños de Sigrás. Ese local, a xuízo dos técnicos, é dos veciños de Sigrás, e por iso non se poden facer investimentos. Os veciños reuníronse o domingo e non chegaron a un acordo. Por iso destínase ese importe á reforma da piscina do Graxal.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, do PP, lamenta ter recibido esta relación agora, pois só puido botar unha ollada rápida, e pregunta a que se dedican os locais da Barcala.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que a primeira parte vaise a tabicar e dedicarase a locais de ensaio, e o resto repartirase en tres áreas, unha para un parque infantil cuberto, outra para un parque biosaudable e outra para unha sala de usos múltiples que podería servir para facer seminarios ou para usos da terceira idade, etc.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, comeza dicindo que, en canto á terminoloxía, gustaríalles que se substitúa a referencia á gardería por escola infantil.

Di que unha gran parte dos proxectos se corresponden con propostas que fixo o BNG, e tamén coincidentes con outros grupos, polo que lles satisface esta proposta.

Non obstante, engade, hai cuestións que non lles cadran, sobre todo os temas de propiedade e cualificación urbanísticas.

Respecto do tema do edificio da asociación de veciños de Sigrás, parécelles lamentable como se xestionou este asunto, pois non é exactamente a proposta que eles formularon, que era continuar o proxecto da Escola de Música e conectalo coa parte actual. Dende o 2 de decembro era pouco tempo para falar coa asociación de veciños, pero agardouse á última semana.

Perdido ese investimento, a proposta que teñen e que é máis adecuada, é destinar o diñeiro a zonas limítrofes. Unha obra podería ser a mellora do centro sociocultural da Rocha, e outra arranxar o edificio da Arrigada, con problemas estruturais graves, segundo parece, e trataríase, ademais, de conservar o patrimonio municipal. Cren que é importante que o

edificio non se veña abaixo e piden que, se hai diñeiro polos problemas en obras que se propoñen, se destine a estes dous equipamentos, para Arrigada e Anceis. Con iso terían o apoio do BNG no pleno.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, expón que, ao ver as propostas, hai un grao de coincidencia interesante, pero botan de menos que, despois desa coincidencia, non houbera unha reunión cos grupos políticos municipais para priorizar os investimentos e chegar a acordos. Cren que non habería problema, que todas as propostas son ambiciosas e asumibles.

Botan en falta que a parroquia de Cela non teña investimentos, pois si ten necesidades, e tamén se decataron de que a estrutura do centro cultural de Meixigo está rexistrada a nome dun particular. Outra demanda que non se ten en conta é o acondicionamento da praza que hai en Sta. M^a do Temple.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), queixase de que non se lle invitou a participar como aos demais grupos, e di que a semana pasada se lle deu unha relación con 69 propostas coas que coincidían os grupos municipais e agora dáse outra proposta modificada e ve que se recollen 14 das 69. Parécelle que se está tomando o pelo aos grupos municipais e, por iso, abstense.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta ao voceiro do BNG, que poderían ver ben o cambio da obra da piscina do Temple, cuxo orzamento é de 130.899,77 € pola obra de reforma de Arrigada con 100.899,77 € e a reforma do centro sociocultural de Anceis con 30.000 €

En canto a EU-IU, dille que na zona do Souto agora mesmo non saberían que obra sacar e cal poñer. E en canto á praza pública do Temple, é privada, polo que non se pode actuar.

En canto ao manifestado por don Manuel Marante, pídelle desculpas en privado e en público, e dito isto, non se trata de vacilar a ninguén, o que se presenta é un proxecto único que posiblemente non é de ninguén, é de todo Cambre, todos fixeron propostas e todo o mundo ve reflectido, polo menos, unha parte das propostas presentadas, o que non se debe facer é aprobar un investimento que despois non se poida levar a cabo, como no caso da adecuación do local de Sementeira e nalgún outro máis.

A petición do Sr. concelleiro de Facenda, Comercio e Emprego, por parte da secretaria da corporación infórmase que, respecto da obra “Mellora de local social na parroquia de Brexo-Lema”, rexistrouse de entrada esta mañá, un escrito de cesión gratuíta ao Concello de Cambre, do local da asociación e da pista polideportiva enclavados nese terreo, xunto

coa copia das actas da xunta xeral da asociación, nota simple informativa do Rexistro e escritura de compravenda dos terreos, polo que pode ser informada favorablemente a aceptación.

Respecto da obra “Reforma de espazo público do contorno do cruceiro de Anceis”, non existe documento ningún respecto da titularidade dos terreos, polo que non se debería incluír esta obra.

Dona Erundina Prado Arcay, concelleira de Cultura e Turismo, manifesta que ten o compromiso do conde de ceder os terreos.

Don José Venancio Salcines Cristal engade que hoxe mesmo non se ten, pero cando hai que telo é antes de facer a licitación, e hai tempo.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que, a día de hoxe e xuridicamente falando, o terreo non é do concello.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, manifesta que, se a asociación de veciños de Brexo-Lema cedeu, pódese facer a obra, pero en canto á do conde, poderíase facer se dispuxera dos terreos, e disto lévase falando moito tempo.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que ten razón, pero os veciños están loitando por esta obra. Lembra ao Sr. Marante que tamén el estivo loitando por iso mesmo e rendeuse, e ela agora non se quere render.

Don Felipe Andreu Barallobre di que se pode agardar aos orzamentos municipais para facer esta obra e non arriscarse a aprobar esta obra, que non se poida facer, e perder o diñeiro.

Don Luis Miguel Taibo Casás lembra que dende que se presentou polo seu grupo unha iniciativa para ver se os terreos do cruceiro de Anceis son públicos ou privados, pasaron dous ou tres meses, e non se sabe que xestións se fixeron, como está o tema da titularidade do terreo e os camiños.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que se podería destinar este diñeiro do contorno do cruceiro de Anceis ao Souto, coa proposta de EU-IU.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que hai unha zona que precisa saneamento, e sería máis urxente dotar de saneamento a zona de Cela.

O Sr. alcalde engade que tamén hai problemas cos informes de Patrimonio respecto dos polideportivos, polo que ao mellor hai que quitar algunha destas obras, por iso, propón aprobar a proposta presentada co cambio da obra da piscina do Temple pola reforma do centro sociocultural de Anceis e a reforma do centro polivalente de Arrigada, e se houbera que cambiar algunha obra dos polideportivos porque os informes foran desfavorables, convocarase un pleno para esta semana.

Sometida a votación ordinaria e conxunta dos membros que compoñen as tres comisións informativas convocadas a esta sesión, votan a prol os tres concelleiros do PSdeG-PSOE, e os tres concelleiros do BNG, e abstéñense os tres concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

As comisións, por 6 votos a prol, correspondentes aos tres concelleiros do PSdeG-PSOE e aos tres concelleiros do BNG, seis abstencións correspondentes aos tres concelleiros do PP, aos dous concelleiros de EU-IU e ao concelleiro do GM (PG), en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordos ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar a realización dos investimentos que a continuación se relacionan, correspondentes ás obras e polos importes de licitación que igualmente se indican, e segundo as memorias explicativas contendo os datos esixidos no punto terceiro da Resolución de 9 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, que se achegan como Anexo ao presente acordo:

PARROQUIA DE ANCEIS

Descrición	Importe sen IVE	Importe total	Persoas a ocupar
Reforma do espazo público do contorno do cruceiro de Anceis	75.372,91 €	87.432,91 €	9
Reforma do centro socio-cultural de Anceis	25.862,07 €	30.000,00 €	

PARROQUIA DE ANDEIRO

Descrición	Importe sen IVE	Importe total	Persoas a ocupar
Mellora da pista polideportiva de Andeiro	12.831,29 €	14.884,30 €	4
Construción dunha instalación auxiliar na pista polideportiva de Andeiro	14.784,08 €	17.149,53 €	6

PARROQUIA DE BREXO LEMA

Descrición	Importe sen IVE	Importe total	Persoas a ocupar
Acondicionamento da Fonte da Igrexa de San Paio de Brexo-Lema	33.643,68 €	39.026,67 €	8
Mellora de local social na parroquia Brexo-Lema	75.876,98 €	88.017,30 €	7
Acondicionamento do Parque infantil da Igrexa de San Paio de Brexo-Lema	19.138,27 €	22.200,39 €	5

PARROQUIA DE BRIBES

Descrición	Importe sen IVE	Importe total	Persoas a ocupar
Cubrición pista polideportiva en Bribes	234.270,47€	271.753,75€	4

PARROQUIA DE CAMBRE

Descrición	Importe sen IVE	Importe total	Persoas a ocupar
Instalación solar fotovoltaica en cuberta de escola infantil sita no lugar da Barcala	174.192,29€	202.063,06€	4
Reforma do ximnasio do CEIP Wenceslao Fernández Flórez en Cambre	95.019,95 €	110.223,14€	6
Reforma dos locais municipais da Barcala	287.205,44€	333.158,31€	10
Mellora da eficiencia enerxética por reforma da iluminación pública en Pumar Méndez	86.611,56 €	100.469,40€	5
Substitución da rede de saneamento e abastecemento no núcleo de Amil	102.622,65€	119.042,27€	6
Reparación e renovación da Rede abastecemento: desde Volta das Carrozas ata A Barcala, en fronte a Brañas	148.844,31€	172.659,40€	6
Substitución da rede de saneamento desde Drozo a Balado, de "Bar Centro" a Balado e de Balado a Volta das Carrozas	111.238,15€	129.036,25€	6
Mellora do lavadoiro de Carballo de Cambre e do seu contorno	27.997,85 €	32.477,51 €	8
Reforma do centro polivalente de Arrigada	86.982,73 €	100.899,97€	

PARROQUIA DE CECEBRE

Descrición	Importe sen IVE	Importe total	Persoas a ocupar
Ampliación do Centro municipal de formación do polígono industrial do Espírito Santo	172.365,73€	199.944,25€	6
Acondicionamento do monumento conmemorativo a Wenceslao Fernández Flórez en Cecebre	8.737,15 €	10.135,09 €	8
Mellora dos espazos públicos fronte á Fundación Wenceslao Fernández Flórez en Cecebre	26.986,98 €	31.304,90 €	8
Reparación e renovación das redes de abastecemento desde: ponte de ferrocarril en Cecebre ata Casa Alfredo (camiño municipal), ponte de ferrocarril en Apeadeiro ata últimas casas de Piñeiro-Cecebre (camiño municipal), Sobreguexe (casas de Alfredo) ata Igrexa (camiño municipal), cruzamento de Fraís por estrada de Espírito Santo ata Lendoiro	158.510,75€	183.872,47€	6
Reparación e renovación das redes de abastecemento desde: Catro Camiños despois da ponte da autoestrada ata Castros do Bosque e desde aquí ata pasar pola ponte do ferrocarril no apeadeiro de Cecebre (AC-221)	114.757,28€	133.118,44€	6

PARROQUIA DE SAN LORENZO DE MEIXIGO

Descrición	Importe sen IVE	Importe total	Persoas a ocupar
Habilitación de espazos públicos en San Lourenzo	75.122,36 €	87.141,94 €	10
Reforma da iluminación pública en Meixigo	57.695,88 €	66.927,22 €	2
Reforma da iluminación pública en Coruxos	60.809,06 €	70.538,51 €	2
Acondicionamento da pista polideportiva de Meixigo	71.826,91 €	83.319,22 €	8

PARROQUIA DE PRAVIO

Descrición	Importe sen IVE	Importe total	Persoas a ocupar
Cubrición de pista polideportiva en Pravio	228.666,85€	265.253,55€	4
Reparación e renovación das redes de abastecemento desde o depósito da Castellana ata o Cruceiro de Pravio (AC-214)	156.246,01€	181.245,37€	6

Creación de zonas de xogos infantís en Pravio	48.806,54 €	56.615,59 €	6
---	-------------	-------------	---

PARROQUIA DE STA. M^a VIGO

Descrición	Importe sen IVE	Importe total	Persoas a ocupar
Acondicionamento de local social na parroquia de Santa M ^a de Vigo	17.921,13 €	20.788,51 €	6

PARROQUIA DE SIGRÁS

Descrición	Importe sen IVE	Importe total	Persoas a ocupar
Substitución do material de cuberta pavillón polideportivo dos Campóns	121.199,47€	140.591,39€	8
Substitución do material de cuberta e mellora da pista polideportiva do CEIP "Gonzalo Torrente Ballester" de Sigrás	127.316,84€	147.687,53€	6
Reparación e renovación das redes de abastecemento desde: Mesón Vasco ata Pazo de Barrié e en Gaiteiro na estrada de Culleredo ata despois do río	143.285,96€	166.211,71€	6
Mellora da seguridade viaria na estrada municipal Os Campóns	42.862,90 €	49.720,96 €	10

PARROQUIA DO TEMPLE

Descrición	Importe sen IVE	Importe total	Persoas a ocupar
Reforma intergral do Parque infantil do Temple	94.236,25 €	109.314,05€	7
Reforma integral do Parque infantil do Graxal	95.045,30 €	110.252,55€	10

	Importe total
TOTAL INVESTIMENTO	3.983.577,44 €

Segundo: Presentar a solicitude de inclusión dentro do Fondo Estatal de Investimento Local creado por Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro, segundo se establece nos puntos segundo e terceiro da resolución de referencia.

Terceiro: No suposto de que sexa necesario substituír algunha das obras propostas por non dispoñer dos informes necesarios, convocarase un pleno extraordinario para o efecto.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte horas e corenta e cinco minutos, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de
Presidencia, Réxime Interior, Facenda e
Promoción Económica

Presidente da Comisión Informativa de
Ordenación do Territorio, Medio
Ambiente, Obras e Servizos

José Venancio Salcines Cristal

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de
Educación, Benestar Social, Cultura,
Normalización Lingüística e
Participación Cidadá

Jaime Manuel López Lisnier

A secretaria

Mª Luisa de la Red Ampudia